# VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

## OBXECTIVOS DA ÁREA DE VALORES SOCIAIS E CÍVICOS 5º EP

1. Fomentar a percepción e a interpretación persoal dos estados de ánimo, as emocións e os sentimentos propios e alleos integrando as características físicas e as calidades persoais para incrementar a satisfacción persoal.

2. Desenvolver o autocontrol de forma autónoma, afrontar as dificultades e emprender accións salvando os problemas e superando os sentimentos negativos que experimenta.

3. Participar en tarefas colaboradoras desafiantes que promovan a motivación e o afán por conseguir logros persoais e grupais e desenvolvendo ao máximo o seu potencial.

4. Adquirir habilidades de organización para a realización de tarefas escolares que promovan a responsabilidade.

5. Coñecer pautas básicas de actuación para previr accidentes no fogar e aplicarse os primeiros auxilios a si mesmo en situacións cotiás.

6. Aprender a utilizar estratexias de comunicación non verbal, integrándoas dentro da mensaxe verbal que se intenta transmitir establecendo unha conexión entre ambas as dúas linguaxes.

7. Crear ideas e opinións sobre cuestións diversas a partir das ideas achegadas por outras persoas.

8. Utilizar o pensamento de perspectiva e as habilidades de escoita, tales como o reforzo, a reestruturación e o reflexo de sentimentos, para comprender os demais.

9. Recoñecer prexuízos culturais a través do coñecemento, a resolución e a creación de dilemas morais.

10. Analizar diversas formas de discriminación que permitan interiorizar as directrices da Declaración Universal dos Dereitos Humanos en canto á igualdade entre homes e mulleres, a repartición de tarefas no fogar e o coidado familiar.

11. Experimentar actitudes de colaboración e axuda entre iguais para desenvolver un grao de confianza mutua e a solidariedade que asegure a boa convivencia.

12. Resolver situacións de conflito, a través da mediación non formal, utilizando a oportunidade de aprendizaxe e de crecemento persoal que nos brinda o conflito.

13. Tomar conciencia da importancia de participar, exercendo os dereitos e os deberes que afectan á participación

| ÁREA DE VALORES SOCIAIS E CÍVICOS. | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **BLOQUE:1 E 2** | | | | |
| CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | C.C. | INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN |
| Autoconcepto: autocoñecemento e satisfacción persoal.<br><br>A integración do aspecto físico na aceptación persoal.<br><br>Coñecemento e respecto polas diferenzas individuais das persoas, aceptando as súas posibilidades e limitacións. | 1. Consolidar unha forma persoal de ser respectable e digna. | 1. Actúa de forma respectable e digna. | CSC<br>CSIEE | Escalas de observación<br>Listas de control<br>Rexistro anecdótico<br>Análise de producións do alumnado<br>Probas específicas<br>Cuestionarios |
| As emocións. Identificación, recoñecemento, expresión e verbalización.<br><br>O autocontrol. A regulación dos sentimentos. | 2. Recoñecer as emocións e aprender a interpretalas en situacións diversas a través das expresións faciais e a linguaxe corporal e verbal dos demais. | 2.1. Utiliza, de xeito guiado, estratexias de reestruturación cognitiva.<br>2.2. Aplica o autocontrol á toma de decisión e á resolución de conflitos.<br>2.3. Expresa os seus sentimentos, necesidades e dereitos, á vez que respecta os dos e das demais nas actividades cooperativas. | CAA<br><br>CSC<br>CSIEE<br><br>CSC<br>CSIEE<br>CCL | Escalas de observación<br>Listas de control<br>Rexistro anecdótico<br>Análise de producións do alumnado<br>Probas específicas<br>Cuestionarios |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| A responsabilidade. O propio potencial.<br><br>A responsabilidade cara un mesmo, a familia, a escola e o mundo en xeral.<br><br>Vocabulario relacionado co esforzo. | 3. Desenrolar capacidades para tomar decisións de forma independente, emprender actuacións e asumir as súas consecuencias. | 3.1. Traballa en equipo valorando o esforzo individual e colectivo e asumindo compromisos para a consecución de obxectivos.<br>3.2. Realiza unha autoavaliación responsable da execución das tarefas, expresando propostas de mellora. | CSC<br>CSIE<br><br>CSC<br>CAA<br>CSIEE | Escalas de observación<br>Listas de control<br>Rexistro anecdótico<br>Análise de producións do alumnado<br>Probas específicas<br>Cuestionarios |
| CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | C.C. | INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN |
| A autonomía persoal e a autoestima. | 4. Adquirir e utilizar ferramentas que permitan estruturar eficazmente as tarefas escolares, de maneira que favorezan o rendemento académico, a súa autonomía e o crecemento persoal. | 4.1. Utiliza o pensamento creativo na análise de problemas e na formulación de propostas de actuación.<br>4.2. Sabe facer fronte á incerteza, ao medo ou ao fracaso. | CSC<br>CSIEE<br><br>CSC<br>CSIEE | Escalas de observación<br>Listas de control<br>Rexistro anecdótico<br>Análise de producións do alumnado<br>Probas específicas<br>Cuestionarios |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| O emprendemento.<br><br>A iniciativa.<br><br>Busca e elabora información por diversas fontes. | 5. Desenvolver a autonomía e a capacidade de emprendemento para conseguir logros persoais responsabilizándose do ben común. | 5.1. Identifica, define problemas sociais e cívicos e achega solucións potencialmente efectivas.<br>5.2. Define e formula claramente problemas de convivencia e achega solucións potencialmente. | CSIEE<br>CSC<br><br>CSC<br>CCL | Escalas de observación<br>Listas de control<br>Rexistro anecdótico<br>Análise de producións do alumnado<br>Probas específicas<br>Cuestionarios |
| A capacidade para tomar decisións de forma independente. | 6. Desenrolar capacidades para tomar decisións de forma independente, emprender actuacións e manexar as dificultades. | 6.1. Identifica vantaxes e inconvenientes dunha posible solución antes de tomar unha decisión ética. | CSC<br>CSIEE | Escalas de observación<br>Listas de control<br>Rexistro anecdótico<br>Análise de producións do alumnado<br>Probas específicas<br>Cuestionarios |
| As habilidades de comunicación.<br><br>A postura e a distancia corporal adecuadas na comunicación.<br><br>Os elementos da comunicación non verbal que favorecen o diálogo. | 7. Conceptualizar a relación entre a linguaxe verbal e non verbal, tomando conciencia da importancia da expresión corporal e os xestos no proceso de comunicación.<br><br>8. Aplicar as estratexias de comunicación non verbal de modo adecuado ao contido verbal e realizar unha comunicación non verbal activa. | 7.1. Emprega apropiadamente os elementos da comunicación verbal e non verbal, para expresar con coherencia opinión, sentimentos e emocións.<br><br>8.1. Emprega a comunicación verbal en relación coa non verbal en exposición orais e debates. | CCL<br>CSC<br><br>CCL<br>CSC<br>CAA<br>CSIEE | Escalas de observación<br>Listas de control<br>Rexistro anecdótico<br>Análise de producións do alumnado<br>Probas específicas<br>Cuestionarios |

| CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | C.C. | INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|
| Estratexias da linguaxe oral como instrumento de comunicación: escoitar, preguntar, argumentar. | 9. Desenrolar habilidades de comunicación que lle permitan participar en actos comunicativos diversos mostrando control na entoación e respectando as intervencións dos demais. | 9.1. Dialoga interpretando e dando sentido ao que oe.<br>9.2. Realiza actividades cooperativas detectando os sentimentos e pensamentos que subxacen no que se está a dicir.<br>9.3. Colabora en proxectos grupais escoitando activamente, demostrando interese polas outras persoas. | CCL – CSC<br>CCL - CSC – CSIEE<br>CAA – CSIEE - CSC<br>CCL | Escalas de observación<br>Listas de control<br>Rexistro anecdótico<br>Análise de producións do alumnado<br>Probas específicas<br>Cuestionarios |
| Os elementos da comunicación que favorecen o diálogo. | 10. Conceptualizar a relación entre a linguaxe verbal e non verbal, tomando conciencia da importancia da expresión corporal e os xestos no proceso de comunicación. | 10.1. Comunícase empregando expresións para mellorar a comunicación e facilitar o achegamento co seu interlocutor nas conversas.<br>10.2. Comparte sentimentos durante o diálogo.<br>10.3. Utiliza os elementos que contribúen ao diálogo.<br>10.4. Recoñece os elementos que bloquean a comunicación en diferentes situacións. | CCL - CSC<br>CCL – CSC - CSIEE<br>CCL – CSC<br>CCL - CSC | Escalas de observación<br>Listas de control<br>Rexistro anecdótico<br>Análise de producións do alumnado<br>Probas específicas<br>Cuestionarios |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| A aserción. | 11. Empregar a aserción. | 11.1. Realiza unha defensa tranquila e respectuosa das posicións persoais.<br>11.2. Emprega a linguaxe positiva. | CCL – CSC – CSIEE<br><br>CCL - CSC | Escalas de observación<br>Listas de control<br>Rexistro anecdótico<br>Análise de producións do alumnado<br>Probas específicas<br>Cuestionarios |
| O diálogo e a argumentación das propias opinións. | 12. Dialogar falando de xeito adecuado e ben fundamentado. | 12.1. Infire, de xeito guiado, e dá sentido adecuado á expresión das demais persoas.<br>12.2. Relaciona diferentes ideas e opinións para atopar os seus aspectos comúns. | CCL - CSC<br><br>CCL - CSC | Escalas de observación<br>Listas de control<br>Rexistro anecdótico<br>Análise de producións do alumnado<br>Probas específicas<br>Cuestionarios |
| CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | C.C. | INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN |
| A empatía.<br><br>A comprensión activa dos demais. | 13. Realizar unha comprensión activa dos demais mediante habilidades de escoita e comprender o pensamento de perspectiva. | 13.1. Interacciona con empatía.<br>13.2. Emprega diferentes habilidades sociais. | CSC – CCL – CSIEE CSC | Escalas de observación<br>Listas de control<br>Rexistro anecdótico<br>Análise de producións do alumnado<br>Probas específicas<br>Cuestionarios |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| O respecto, a tolerancia e a valoración do outro.<br><br>A diversidade. | 14. Aceptar as diferenzas culturais e persoais mediante unha actitude de respecto e tolerancia cara as características dos demais. | 14.1. Comprende e aprecia positivamente as diferenzas culturais. | CSC | Escalas de observación<br>Listas de control<br>Rexistro anecdótico<br>Análise de producións do alumnado<br>Probas específicas<br>Cuestionarios |
| As conduta solidarias. | 15. Contribuír á mellora do clima do grupo amosando actitudes cooperativas e establecendo relacións respectuosas. | 1. Forma parte activa das dinámicas<br>de grupo.<br>15.2. Establece e mantén relacións emocionais amigables, baseadas no intercambio de afecto e a confianza mutua.<br>15.3. Consegue a aceptación dos compañeiros/as. | CSC – CSIEE<br><br>CSC - CSIEE<br><br>CSC - CSIEE | Escalas de observación<br>Listas de control<br>Rexistro anecdótico<br>Análise de producións do alumnado<br>Probas específicas<br>Cuestionario |

| VALORES SOCIAIS E CÍVICOS | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **B.3 CONVIVENCIA E OS VALORES SOCIAIS.** | | | | |
| **CONTIDOS** | **CRITERIOS DEAVALIACIÓN** | **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE** | **C.C.** | **INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN** |
| Os valores cívicos en convivencia na contorna inmediata.<br><br>O diálogo.<br><br>A comprensión e a solidariedade. | 1. Valorar a solidariedade como un elemento clave dunha boa convivencia, coñecer estratexias de cooperación e empregar unha linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais. | 1. Desenvolve proxectos e resolve problemas en colaboración.<br>1.2. Pon de manifesto unha actitude aberta cara aos demais compartindo puntos de vista e sentimentos durante a interacción social na aula. | CSC - CSIEE<br><br>CSC - CSIEE | Escalas de observación<br>Listas de control<br>Rexistro anecdótico<br>Análise de producións do alumnado<br>Probas específicas<br>Cuestionarios |
| A interdependencia e a cooperación.<br><br>As estratexias de axuda entre iguais e a colaboración.<br><br>Estruturas e técnicas de aprendizaxe cooperativa. | 2. Comprender o valor da confianza para fortalecer a cohesión grupal e xeral actitudes que permitan compartir responsabilidades e solucionar problemas de maneira conxunta. | 2.1. Amosa boa disposición para ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe.<br>2.2. Recorre ás estratexias de axuda entre iguais.<br>2.3. Respecta as regras durante o traballo en equipo. | CAA – CSIEE – CSC<br><br>CAA – CSIEE – CSC<br><br>CSC | Escalas de observación<br>Listas de control<br>Rexistro anecdótico<br>Análise de producións do alumnado<br>Probas específicas<br>Cuestionarios |
| As normas de convivencia. A implicación na xestión democrática das normas. | 3. Recoñecer os elementos que prexudican ou favorecen o manexo equitativo das normas de convivencia no entorno escolar. | 3.1. Argumenta a necesidade de que existan normas de convivencia nos diferentes espazos de interacción social.<br>3.2. Participa na elaboración das normas da aula.<br>3.3. Respecta as normas do centro escolar. | CCL – CSC<br><br>CCL – CSC – CSIEE<br><br>CS | Escalas de observación<br>Listas de control<br>Rexistro anecdótico<br>Análise de producións do alumnado<br>Probas específicas<br>Cuestionarios |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| A resolución do conflito.<br><br>As normas básicas da mediación formal.<br><br>A comprensión do conflito como oportunidade. | 4. Entender e valorar o conflito como oportunidade de aprendizaxe e crecemento persoal e coñecer as formas básicas da mediación formal. | 4.1. Resolve os conflitos de modo construtivo.<br>4.2. Sigue as fases da mediación en situacións reais e simulacións.<br>4.3. Manexa a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos nas relacións interpersoais. | CSC – CSIEE<br><br>CSC - CSIEE<br><br>CCL - CSC | Escalas de observación<br>Listas de control<br>Rexistro anecdótico<br>Análise de producións do alumnado<br>Probas específicas<br>Cuestionarios |
| CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | C.C. | INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN |
| | | 4.4. Analiza as emocións, sentimentos, posibles pensamentos e puntos de vista das partes en conflito. | CCL - CSC | Escalas de observación<br>Listas de control<br>Rexistro anecdótico<br>Análise de producións do alumnado<br>Probas específicas<br>Cuestionarios |
| A responsabilidade e a xustiza social. | 6. Comprender o sentido da responsabilidade e a xustiza social. | 5.1. Razoa o sentido da responsabilidade social e da xustiza social.<br>5.2. Identifica e analiza criticamente desigualdades sociais.<br>5.3. Describe condutas solidarias. | CAA – CSC<br><br>CSC – CSIEE<br><br>CSC - CCL | Escalas de observación<br>Listas de control<br>Rexistro anecdótico<br>Análise de producións do alumnado<br>Probas específicas<br>Cuestionarios |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| O altruísmo. | 6. Practicar o altruísmo no ámbito escolar e valorando os seus beneficios. | 6.1. Amósase xeneroso no seu contorno próximo.<br>6.2. É capaz de sensibilizar sobre causas altruístas realizando exposicións orais sobre o seu valor e cometidos.<br>6.3. Colabora en causas altruístas en colaboración coa comunidade educativa. | CSC<br><br>CCL – CSC - CSIEE<br><br>CSC - CSIEE | Escalas de observación<br>Listas de control<br>Rexistro anecdótico<br>Análise de producións do alumnado<br>Probas específicas<br>Cuestionarios |
| A Declaración Universal dos Dereitos Humanos.<br><br>Os dereitos e deberes do alumnado. | 7. Comprender a declaración da igualdade de dereitos e non discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social | 7.1. Coñece e respecta os dereitos e deberes do alumnado.<br>7.2. Realiza xuízos morais, de xeito guiado, de situacións escolares.<br>7.3. Xustifica as súas actuacións en base a valores persoais como a dignidade, a liberdade, a autoestima, a seguridade nun mesmo e a capacidade de enfrontarse aos problemas. | CSC<br><br>CSC – CSIEE<br><br>CSC - CSIEE | Escalas de observación<br>Listas de control<br>Rexistro anecdótico<br>Análise de producións do alumnado<br>Probas específicas<br>Cuestionarios |

| VALORES SOCIAIS E CÍVICOS | | | | |
|---|---|---|---|---|
| B.3 CONVIVENCIA E OS VALORES SOCIAIS | | | | |
| **CONTIDOS** | **CRITERIOS DE AVALIACIÓN** | **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE** | **C.C.** | **INSTRUMENTOSD E AVALIACIÓN** |
| A Declaración Universal dos Dereitos Humanos.<br><br>Exclusión das minorías. | 1.Respectar os valores universais comprendendo a necesidade de garantir os dereitos básicos de todas as persoas. | 1.1. Argumenta o carácter universal dos dereitos humanos.<br>2. Expón a importancia de que todas as persoas gocen dos dereitos básicos: saúde, benestar, alimentación, vestido, vivenda e asistencia médica.<br>1.3. Axuíza criticamente as circunstancias de persoas que viven en situacións de privación dos dereitos básicos. | CSC - CCL<br><br>CSC - CCL<br><br>CSC - CSIEE | Escalas de observación<br>Listas de control<br>Rexistro anecdótico<br>Análise de producións do alumnado<br>Probas específicas<br>Cuestionarios |
| A convivencia pacífica en sociedade.<br><br>Formas de discriminación<br><br>Feitos discriminatorios. | 2. Comprender a declaración da igualdade de dereitos e a non discriminación. | 2.1. Argumenta e expón mediante imaxes a importancia de garantir a igualdade de dereitos e a non discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.<br>2.2. Descobre e axuíza criticamente casos próximos de desigualdade e discriminación. | CCL – CCEC – CSC<br><br>CSC - CSIEE | Escalas de observación<br>Listas de control<br>Rexistro anecdótico<br>Análise de producións do alumnado<br>Probas específicas<br>Cuestionarios |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| A igualdade de dereitos de homes e mulleres e a corresponsabilidade nas tarefas domésticas e no coidado da familia. | 3. Tomar conciencia da igualdade entre homes e mulleres respecto ás responsabilidades domésticas e familiares compartidas. | 3.1. Axuíza criticamente actitudes de falta de respecto á igualdade de oportunidades de homes e mulleres.<br>3.2. Colabora con persoas doutro sexo en diferentes situacións escolares.<br>3.3. Realiza diferentes tipos de actividades independentemente do seu sexo. | CSC – CSIEE<br>CSC - CSIEE<br>CSC - CSIEE | Escalas de observación<br>Listas de control<br>Rexistro anecdótico<br>Análise de producións do alumnado<br>Probas específicas<br>Cuestionarios |

| CONTIDOS | CRITERIOSD E AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | C.C. | INSTRUMENTOS E AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|
| Os principios de convivencia na Constitución española e no Estatuto de Autonomía.<br><br>Os valores sociais e a democracia. | 4. Coñecer e expresar as notas características da democracia e a importancia dos valores cívicos na sociedade democrática, especificar os principios básicos de convivencia na Constitución Española, comprender o dereito e o deber de participar. | 4.1. Reflexiona sobre os dereitos e deberes da Constitución Española.<br>4.2. Expresa a importancia de garantir os dereitos e deberes dos cidadáns do seu contorno.<br>4.3. Participa no benestar da contorna próxima baseándose nos dereitos e deberes dos cidadáns. | CSC<br>CSC - CCL<br>CSC - CSIEE | Escalas de observación<br>Listas de control<br>Rexistro anecdótico<br>Análise de producións do alumnado<br>Probas específicas<br>Cuestionarios |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Características da convivencia democrática.<br><br>Os valores cívicos na sociedade democrática. | 5. Coñecer e expresar as notas características da convivencia democrática e a importancia dos valores cívicos na sociedade democrática. | 5.1. Expresa as notas características da convivencia democrática.<br>5.2. Argumenta a importancia dos valores cívicos na sociedade democrática. | CSC - CCL<br><br>CSC – CCL | Escalas de observación<br>Listas de control<br>Rexistro anecdótico<br>Análise de producións do alumnado<br>Probas específicas<br>Cuestionarios |
| O respecto e a conservación do medio ambiente. | 6.Contribuír á conservación do medio ambiente mantendo unha actitude crítica ante as faltas de respecto. | 6.1. Analiza, explica e expón as causas e consecuencias da intervención humana no medio.<br>6.2. Investiga criticamente a intervención humana no medio ambiente e comunica os resultados.<br>6.3. Argumenta comportamentos de defensa e recuperación do equilibrio ecolóxico e de conservación do medio ambiente. | CSC - CSIEE<br><br>CSC – CAA – CSIEE CMCT<br><br>CSC - CCL | Escalas de observación<br>Listas de control<br>Rexistro anecdótico<br>Análise de producións do alumnado<br>Probas específicas<br>Cuestionarios |
| Condutas responsables no uso das TIC. | 7. Empregar as novas tecnoloxías desenvolvendo valores sociais e cívicos en contornos seguros. | 7.1. Realiza un uso ético das novas tecnoloxías.<br>7.2. Coñece o emprego seguro das novas tecnoloxías. | CD – CSC<br><br>CSC - CD | Escalas de observación<br>Listas de control<br>Rexistro anecdótico<br>Análise de producións do alumnado<br>Probas específicas<br>Cuestionarios |

| CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | C.C. | INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|
| A educación viaria.<br><br>Identificación das causas e dos grupos de risco nos accidentes de tráfico.<br><br>Condutas e hábitos viarios correctos. | 8. Valorar as normas de seguridade viaria, analizando as causas e consecuencias dos accidentes de tráfico. | 8.1. Colabora en campañas escolares sobre a importancia e a promoción do respecto das normas de educación viaria.<br>8.2. Analiza información na prensa en relación cos accidentes de tráfico.<br>8.3. Investiga sobre as principais causas dos accidentes de tráfico coa axuda das novas tecnoloxías.<br>8.4. Explica as consecuencias de diferentes accidentes de tráfico. | CSC - CSIEE<br><br>CSC – CCL – CMCT CD<br><br>CSC – CD - CAA<br><br>CSC – CCL – CMCT CD | Escalas de observación<br>Listas de control<br>Rexistro anecdótico<br>Análise de producións do alumnado<br>Probas específicas<br>Cuestionarios |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Os accidentes de tráfico.<br><br>Identificación de actitudes e estratexias individuais e colectivas de prevención de riscos diarios. | 9. Valorar a importancia de previr accidentes e coñecer as medidas preventivas. | 9.1. Desenvolve proxectos relacionados coas principais causas dos accidentes de tráfico, sobre os que se informa nos diferentes medios de comunicación.<br>9.2. Reflexiona sobre o modo no que se poderían evitar accidentes de tráfico e expón as súas conclusións.<br>9.3. Explica as principais medidas que se poderían tomar para previr accidentes de tráfico. | CSC – CSIEE – CAA CMCT<br><br>CSC – CCL<br><br>CSC – CCL - CSIEE | Escalas de observación<br>Listas de control<br>Rexistro anecdótico<br>Análise de producións do alumnado<br>Probas específicas<br>Cuestionarios |

**Mínimos esixibles**

- Actúa de forma respectable e digna.
- Realiza unha defensa tranquila e respectuosa das posicións persoais.
- Emprega a linguaxe positiva.
- Interacciona con empatía.
- Comprende e aprecia positivamente as diferenzas culturais.
- Consegue a aceptación dos compañeiros e compañeiras.
- Axuíza criticamente actitudes de falta de respecto á igualdade de oportunidades de homes e mulleres.
- Colabora con persoas doutro sexo en diferentes situacións escolares.
- Realiza diferentes tipos de actividades independentemente do seu sexo.
- Realiza un uso ético das novas tecnoloxías.
- Coñece o emprego seguro das novas tecnoloxías.

- Amosa boa disposición para ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe.
- Recorre ás estratexias de axuda entre iguais.
- Respecta as regras durante o traballo en equipo.
- Argumenta a necesidade de que existan normas de convivencia nos diferentes espazos de interacción social.
- Participa na elaboración das normas da aula.
- Respecta as normas do centro escolar.
- Resolve os conflitos de modo construtivo.
- Manexa a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos nas relacións interpersoais.
- Describe condutas solidarias.
- Amósase xeneroso no seu contorno próximo.
- Colabora en causas altruístas en colaboración coa comunidade educativa.
- Coñece e respecta os dereitos e deberes do alumnado.
- Realiza xuízos morais, de xeito guiado, de situacións escolares.
- Expón a importancia de que todas as persoas gocen dos dereitos básicos: saúde, benestar, alimentación, vestido, vivenda e asistencia médica.
- Axuíza criticamente as circunstancias de persoas que viven en situacións de privación dos dereitos básicos.
- Descobre e axuíza criticamente casos próximos de desigualdade e discriminación.